

# Arbitraxe Campionatos Galegos 2018

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitros principais nos **Campionatos Galegos 2018**, que se celebrarán con horarios e ritmos de xogo segundo o **Calendario Deportivo 2018**.

## PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal para cada unha das categorías:

CATEGORÍA	LUGAR	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Sub-08	Hotel Scala (Padrón)	23 Marzo / antes das 18:00 h.	25 Marzo / pola tarde	140 euros (*)
Sub-10	Hotel Scala (Padrón)	23 Marzo / antes das 18:00 h.	26 Marzo / pola tarde	210 euros (*)
Sub-12	Hotel Scala (Padrón)	23 Marzo / antes das 18:00 h.	26 Marzo / pola tarde	210 euros (*)
Sub-14	Casa do Xadrez (Ferrol)	09 Febreiro / antes das 18:00h	13 Febreiro / pola tarde	280 euros (*)
Sub-16	Hotel Scala (Padrón)	23 Marzo / antes das 18:00 h.	27 Marzo / pola tarde	280 euros (*)
Absoluto, Feminino e Veterán	Hotel Scala (Padrón)	23 Marzo / antes das 18:00 h.	30 Marzo / pola tarde	430 euros (*)

(\*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(\*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

**Titulación requirida:** Árbitro Autonómico, de base ou superior.

Tódalas prazas inclúen aloxamento e manutención nos hotéis oficiais en habitación dobre, e poderán ser válidas para obtención de Norma de Árbitro Nacional e/ou inferiores.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o **Luns, 22 de Xaneiro de 2018, ata as 19:00 h.**

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ou ben por mail ([fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org)), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información. Se se solicita máis de unha categoría, pódense ordenar por orden de preferencia.

Para poder arbitrar un Campionato Galego hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2018](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados serán: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira ronda.

E as súas obrigas serán: a carga de datos de xogadores, comprobación do elo FIDE e FEDA, realización do informe valedreiro para ELO FIDE e FEDA (\*) e remitilo á FEGAXA no prazo que estipula a FEDA na súa circular en vigor.

(\*) Nos torneos valedreiros para ELO.

Nas categorías ónde se presente o informe valedreiro para elo FIDE (Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16 e Absoluto, Feminino e Veterán) só poderán optar aqueles árbitros coa cualificación adecuada para tramitar dito informe (Arbitro Autonómico ou superior).